



Nº Expediente: 2017/C003/000007

Asunto: Contratación de REPARACIÓN DE FIRME EN CAMIÑOS MUNICIPAIS

MESA DE CONTRATACIÓN (5)

ACTA DE VALORACIÓN DA DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA E DO SEU PRAZO DE PRESENTACIÓN PARA XUSTIFICAR A OFERTA CONSIDERADA ANORMAL OU DESPROPORCIONADA PRESENTADA POR UNHA EMPRESA LICITADORA

Obra: REPARACIÓN DE FIRME EN CAMIÑOS MUNICIPAIS

Importe de licitación: 118.544,88 IVE incluído (Prezo sen IVE 97.970,97 €; IVE: 20.573,90 €)

ASISTENTES

PRESIDENTE:

Don Pablo Diego Moreda Gil, alcalde

VOGAIS:

Dona María José Rodríguez Pérez, concelleira

Don Antonio Rodríguez Fabello, arquitecto municipal

Dona Ana Velo Ruiz, secretaria do concello

Don Jorge Vidal Zapatero, interventor municipal.

SECRETARIA:

Dona M^a Montserrat Pérez Garrote, funcionaria do Concello.

Non asiste o vogal don José Camilo Casal García, concelleiro.

No Salón de plenos do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 13:40 horas do martes 19 de decembro de 2017, constitúese a Mesa de Contratación integrada da forma sinalada, previa a comprobación da existencia de quorum, co obxecto de proceder á valoración da documentación requirida e ao seu prazo de presentación para xustificar a oferta considerada anormal ou desproporcionada presentada pola empresa Lancer, proyectos y obras, S.A.

En primeiro lugar dáse lectura á xustificación da data de recepción do requirimento pola empresa Lancer, proyectos y obras, S.A.

A continuación procédese á valoración do informe técnico redactado polo Sr. arquitecto municipal con data 19.12.2017 relativo á xustificación da oferta presentada pola empresa Lancer, proyectos y obras, S.A., o cal e xunta como anexo á presente acta.

A Mesa acorda:

1.- Aceptar a xustificación presentada en canto á data de recepción da documentación, co cal se entende cumprido o prazo de presentación da documentación requirida.

2.- Visto o informe técnico redactado polo Sr. arquitecto municipal, **reiterar novamente** á empresa LANCER, PROYECTOS Y OBRAS, S.A. que xustifique dunha forma máis detallada o



aspecto relativo ao volumen de obra, motivado no contido do citado informe técnico, xuntando ao requirimento unha copia do informe técnico que se cita.

A documentación que se require no punto 2 deberá ter entrada no Rexistro xeral do Concello de Cedeira antes do día 8 de xaneiro de 2018 ás 13:00 horas, advertindo expresamente que de non cubrirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, de acordo co disposto na cláusula 16.3 do Prego de cláusulas administrativas particulares.

3.- Reunirse de novo para verificar a presentación de documentación, e si é o caso, determinar si se acepta como válida, logo do informe que emita o Sr. arquitecto municipal; e propoñer ao órgano de contratación a adxudicación do contrato obxecto desta licitación.

4.- Publicar na páxina web do Concello de Cedeira a presente acta.

O presidente dá por rematada esta sesión ás 14:30 horas do expresado día, e estendo de todo isto a presente acta, do que eu, secretaria da Mesa, dou fe.



Expediente: 2017/C003/000007

Asunto: REPARACIÓN DE FIRME EN CAMIÑOS MUNICIPAIS

Promotor: Concello de Cedeira

Procedemento: Contratación de obras

PRAZO DE EXECUCION: 8 semanas (56 días)

PRESUPOSTO:

PEM: 82.328,55 €

PEM + GG + BI: 97.970,97 €

IVE: 20.573,90 €

PRESUPOSTO MAXIMO: 118.544,87 €

Trámite: Xustificación carácter desproporcionado ou anormal da oferta en base ao requirimento da mesa

INFORME TECNICO

1. FINALIDADE E ALCANCE DO INFORME:

A mesa de contratación requiriu o seguinte:

- "...en canto ao criterio de volume de obra, **requirir** á empresa LANCER, PROYECTOS Y OBRAS, S.A. que xustifique dunha forma máis detallada o aspecto relativo a este criterio..."

2. CONSIDERACIONS:

Criterio de Volume de obra:

Conforme ao PCAP o licitador deberá xustificar que presentou a oferta con valores anormais ou desproporcionados, a relación existente entre as obras que teña contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón e determinar como incide esta relación nos prezos ofertados.

A documentación achegada non atende ao requirimento de xustificación dunha forma mais detallada, xa que difire da anterior documentación unicamente en que dous parágrafos pasan a ter un pouco mais de extensión escrita, e que non conteñen a xustificación do criterio de volume de obra conforme ao PCAP.

No parágrafo:

"...Todos los medios relacionados anteriormente son propiedad de la Empresa. En dicha relación se incluyen dos equipos completos de extendido de aglomerado. Esto garantiza dos cuestiones: por un lado, la garantía de cumplimiento del plazo ofertado, al no depender de terceras empresas, y por otro lado, la calidad de los trabajos, al ser una empresa especializada en la ejecución de firmes asfálticos..."

Este parágrafo non xustifica o criterio de volume de obra conforme ao PCAP.

No parágrafo:

"...Además, es importante destacar, que en el momento de ejecución de los trabajos se encuentran disponibles todos los medios humanos y materiales necesarios para la realización de las obras, habiendo sido tenida en cuenta dicha ejecución dentro de la planificación global de la empresa, sin que interfiera ni sea afectada por la realización del resto de obras adjudicadas. De hecho, la ejecución de la obra que nos ocupa permitirá dar una completa continuidad al trabajo de nuestros equipos, evitando paradas de producción que provocarían gastos innecesarios, lo que redundaría en una gran ventaja económica para la empresa de manera global..."

Este parágrafo reproduce a referencia que se fixo no informe anterior, sen que se xustifique o criterio de volume de obra conforme ao PCAP.



3. CONCLUSIONS:

A vista do exposto, emítense as seguintes conclusións dende o punto de vista técnico:

- 3.1 O licitador LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S.A. NON xustifica o carácter desproporcionado ou anormal da oferta, de acordo ao exposto no presente informe.
- 3.2 De acordo coa Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo de 26 de febrero de 2014 sobre contratación pública, para apreciar si as ofertas resultan anormalmente baixas, debe analizarse dende o punto de vista técnico, económico e xurídico.

Tendo en conta que o presente informe elabórase dende o punto de vista técnico, procede que se realice unha análise das ofertas anormalmente baixa dende o punto de vista económico e xurídico.

- 3.3 Nas obras municipais, os PCAP deben clarificar a documentación e criterios de xustificación das ofertas con valores anormais ou desproporcionados, en particular a numeración que resulta incorrecta, e indicar expresamente os medios de xustificación, que permita valorar a documentación.

O que se comunica á Mesa de Contratación aos efectos oportunos.

Cedeira, asinado dixitalmente polo arquitecto municipal, Antonio Rodríguez Fabello